



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2023

GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS:

1. **Resolución da Presidencia núm. 54468/2022, con data do 30/12/2022, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2023.**

Primeira Xustificación:

2. **Resolución da Presidencia núm. 15577/2023, con data do 18/04/2023, que aproba a primeira xustificación de gastos do exercicio 2023.**

Segunda Xustificación:

3. **Resolución da Presidencia núm. 24103/2023, con data do 15/06/2023, que aproba a segunda xustificación de gastos do exercicio 2023.**

NOVA CORPORACIÓN 2023 - 2027

4. **Resolución da Presidencia núm. 31242/2023, con data do 10/08/2023, que aproba o primeiro pago da nova corporación (2023-2027) da asignación do exercicio 2023.**

Primeira Xustificación:

5. **Resolución da Presidencia núm. 39929/2023, con data 23/10/2023, que aproba a primeira xustificación da nova corporación (2023-2027) da asignación do exercicio 2023.**

Segunda Xustificación:

6. **Resolución da Presidencia núm. 49301/2023, con data 21/12/2023, que aproba a segunda xustificación da nova corporación (2023-2027) da asignación do exercicio 2023.**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052455

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RCP 220229000789 .

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2023, por un importe de 7.500,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2023.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarse no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052455

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 AO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da

Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe que se da por xustificado ascende a 11.262,70 € e procede facer **efectivo o importe de 10.000,00 € para non superar a achega máxima (17.500,00 €) que corresponde por remate de mandato.** Para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 11.262,70 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 03/01/2023 ao 05/04/2023 En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 05/04/2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.-Achega máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		17.500,00
II.- Importe trimestral da asignación		7.500,00
III.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		11.262,70
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata 05/04/2023	1ª xustificación	11.262,70
	Total xustificado	11.262,70
V.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		10.000,00
VI.- Pagos recibidos polo grupo: 7.500,00+10.000,00		17.500,00

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e **aprobar o aboamento do importe de 10.000,00 €** a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

TERCEIRO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais e a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

CUARTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

PRESIDENCIA

Expediente: 2022000052455

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA XUSTIFICACIÓN DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 DO GRUPO POLÍTICO ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da

Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe que se da por xustificado ascende a 9.625,00 €

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 9.625,00 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 27 de abril do 2023 ao 9 de xuño do 2023. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste exercicio e ata o día 9 de xuño do 2023 responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.-Achea máxima 2023 (7/12 do importe anual) por remate de mandato		17.500,00
II.- Importe trimestral da asignación		7.500,00
III.-Importe total xustificado: 2ª xustificación		9.625,00
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata 09 de xuño do 2023	1ª xustificación	11.262,70
	2ª xustificación	9.625,00
	Total xustificado:	20.887,70
V.- Pagos recibidos polo grupo: 7.500,00+10.000,00		17.500,00

SEGUNDO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais e a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

TERCEIRO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

PRESIDENCIA

Expediente: 2023000033086

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA NOVA CORPORACIÓN (2023-2027) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 (DO 18 DE XULLO AO 31 DE DE- CEMBRO) AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O pasado 18 de xullo tivo lugar a constitución da nova corporación. De conformidade co establecido nas normas de aplicación, o 27 de xullo tivo lugar a sesión do Pleno dedicada á organización provincial: No punto 2 da orde do día desta sesión tomouse coñecemento da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces e no punto 13 determinouse a contía das asignacións aos grupos políticos provinciais.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños conta con un único membro que será a persoa autorizada para dispor dos fondos ingresados na conta bancaria aberta para o efecto, o responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións que procedan e de dar conta da xestión económica a efectos de xustificar o destino dos fondos. Todo iso en virtude do establecido na Base 58ª de execución do orzamento do exercicio 2023.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC.220230035517.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago da asignación da nova corporación (2023-2027), por un importe de 7.500,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

SEGUNDO.- O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2023.

TERCEIRO.- Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

CUARTO: O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

QUINTO: A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

SEXTO: Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

SÉPTIMO: A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicárase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

OCTAVO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

PRESIDENCIA

Expediente: 2023000033086

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN DA NOVA CORPORACIÓN (2023-2027) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 (DO 18 DE XULLO AO 31 DE DECEMBRO) AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 245 do 28 de decembro de 2022 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2023 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O pasado 18 de xullo tivo lugar a constitución da nova corporación. De conformidade co establecido nas normas de aplicación, o 27 de xullo tivo lugar a sesión do Pleno dedicada á organización provincial: No punto 2 da orde do día desta sesión tomouse coñecemento da constitución dos grupos políticos e da designación dos seus integrantes e portavoces e no punto 13 determinouse a contía das asignacións aos grupos políticos provinciais.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños conta con un único membro que será a persoa autorizada para dispor dos fondos ingresados na conta bancaria aberta para o efecto, o responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións que procedan e de dar conta da xestión económica a efectos de xustificar o destino dos fondos. Todo iso en virtude do establecido na Base 58ª de execución do orzamento do exercicio 2023.

A través da Resolución da Presidencia número 31242/2023 de 10 de agosto, ordénase o pago anticipado de 7.500,00 € ao Grupo Provincial Alternativa dos Veciños como consecuencia da actualización das asignación aos Grupos Políticos, aprobada polo Pleno da Corporación.

O 18 de setembro de 2023 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 9 de xunio 2023 ao 17 de agosto de 2023 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación da nova corporación o importe xustificado ascende a 9.289,17 €.

En virtude dos antecedentes,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 9.289,17 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 9 de xuño ao 17 de agosto do 2023. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste período responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.-Achega máxima 2023 (5/12 do importe anual)		12.500,00
II.- Importe trimestral da asignación		7.500,00
III.-Importe total xustificado: 1ª xustificación		9.289,17
IV.-Importe reposición por gastos xustificados ata 17 de agosto do 2023	1ª xustificación	9.289,17
	Total xustificado:	9.289,17
V.- Saldo disponible:		3.210,83

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente á primeira xustificación da nova corporación (2023-2027), por un importe de 9.289,17 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

TERCEIRO.- A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

Expediente: 2023000033086

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA XUSTIFICACIÓN DA NOVA CORPORACIÓN (2023-2027) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2023 (DO 18 DE XULLO AO 31 DE DECEMBRO) AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Ao amparo da previsión contida no artigo 73.3 da LRBRL e en aplicación do disposto na Base 58ª de Execución do Orzamento Provincial, o presidente da Corporación ditou a Resolución número 54468, do 30 de xaneiro de 2023, na que, entre outros puntos, se ordenaba o pago de 7.500,00 € a favor do Grupo Político Provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, NIF: V70467857, para o seu ingreso na conta bancaria establecida expresamente para este fin.

O 11 de abril de 2023 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 03 de xaneiro do 2023 ao 05 de abril do 2023 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascende a 11.262,70 €.

O 14 de xunio de 2023 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 27 de abril do 2023 ao 09 de xuño do 2023 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta segunda xustificación o importe xustificado ascende a 9.625,00 €.

A través da Resolución da Presidencia núm.31242/2023 de 10 de agosto, ordénase o pago anticipado de 7.500,00 € ao Grupo Provincial Alternativa dos Veciños como consecuencia da actualización das asignación aos Grupos Políticos, aprobada polo Pleno da Corporación.

O 18 de setembro de 2023 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do

movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 09 de xuño do 2023 ao 17 de agosto do 2023 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta primeira xustificación o importe xustificado ascende a 9.289,17 €.

Como resultado da revisión que se realizou da actividade do grupo provincial resultou un erro na cantidade que se lle ingresou ao grupo político na primeira xustificación presentada do período da nova corporación: Se lle ingresaron 9.289,17 € en vez de 5.000,00 € que lle correspondían para non superar a achega máxima de 12.500,00 €.

O 27 de novembro do 2023 o grupo político provincial reintegra a cantidade recibida indebidamente que ascendía a 4.298,17 €.

O 13 de decembro do 2023 preséntase, para a emisión do preceptivo informe da Intervención, a relación do portavoz do Grupo Político citado, á que se achega o estado do movemento da conta bancaria do período comprendido entre o 17 de agosto do 2023 ao 07 de decembro do 2023 e a documentación xustificativa dos gastos e pagos efectuados. Nesta segunda xustificación o importe xustificado ascende a 5.591,30 €.

En virtude dos antecedentes, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 5.591,30 € e acreditar o reintegro de 4.298,17 €. Consta no expediente xustificante desta operación bancaria.

SEGUNDO.- En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada no exercicio 2023:

0.-Importe anual		30.000,00
I.-Achega máxima 2023 (5/12 do importe anual)		12.500,00
II.- Importe trimestral da asignación		7.500,00
III.-Importe total xustificado: 2ª xustificación		5.591,30
IV.-Importe reposición por gastos xustificadas ata o 7 de decembro do 2023	1ª xustificación	9.289,17
	2ª xustificación	5.591,30
	Total xustificado:	14.880,47
V.-Reintegro realizado o 27 de novembro do 2023		4.289,17
VI.-Total pagos líquidos: 7.500,00+9.289,17-4.289,17=		12.500,00

TERCEIRO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.